

## 5.2.-

# INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

A primeira consideración que se tira dos datos facilitados polo INE, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) é a baixa porcentaxe do VEB adicado ás actividades de I+DT en Galicia.

Na comunidade galega, en 1997, investíuse en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico só o 0,52% do VEB, o que supón o 3,5% dos gastos totais do estado neste ámbito. Tal e como se deduce do **cadro 5.2.2.**, a meirande parte do investimento, un 52,77%, corresponde ás institucións de ensino superior, seguidas das empresas e da Administración, co 25,81% e o 21,36%, respectivamente.

No ano 1997 aumentou o peso relativo do investimento das empresas no gasto total de Galicia en I+DT, ó pasar dun 21,47% en 1995 ó devandito 25,81%. Pola contra, descende o peso relativo dos gastos das institucións de ensino superior e da Administración en I+DT.

O gasto destinado a I+DT nos secto-

res productivos, favorecido pola Xunta, atópase disperso entre 6 consellerías e o ente público Igape, que é o encargado de canaliza-las axudas comunitarias a través do plan Pimega.

### O gasto en I+DT

O INE estima que en 1997 os gastos internos totais adicados a I+DT en Galicia ascenderon a 23.639,5 millóns de pesetas, o que representa o 3,5% do total dos gastos adicados a esta materia en España. O **cadro 5.2.1.** amosa que Galicia segue a se-la sétima comunidade que máis investiu en I+DT en 1997, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela e León. Asemade, reflicte que o investimento en I+DT incrementouse un 15,25% respecto ó ano anterior, fronte a un crecemento do 4,83% para o conxunto do estado.

O **cadro 5.2.2.** amosa o reparto dos gastos internos totais entre a Administración, as empresas, as institucións de ensino superior e as institucións privadas sen fins de lucro (IPSFL). Pero este reparto

CADRO 5.2.1.

Gastos internos totais en I+D nas CC.AA. 1996-97

	1996 <sup>(1)</sup>		1997 <sup>(1)</sup>		97/96 (%)
	% CA./Total	Importe (en miles de pesetas)	% CA./Total	Importe (en miles de pesetas)	
Andalucía	9,8	63.083.909	9,8	65.864.953	4,41
Aragón	2,3	14.489.584	2,1	14.187.975	-2,08
Asturias	1,7	10.598.372	1,5	10.173.684	-4,01
Baleares	0,6	3.556.284	0,6	4.291.989	20,69
Canarias	2,2	14.372.106	2,0	13.666.905	-4,91
Cantabria	0,8	5.068.864	0,9	5.830.927	15,03
Castela e León	3,7	23.979.154	3,7	24.994.660	4,23
Castela-A Mancha	1,7	11.113.446	2,2	15.019.116	35,14
Cataluña	21,1	135.561.773	21,7	146.047.102	7,73
C. Valenciana	6,3	40.674.183	6,5	43.971.097	8,11
Extremadura	0,7	4.657.794	0,8	5.513.348	18,37
<b>Galicia</b>	<b>3,2</b>	<b>20.510.639</b>	<b>3,5</b>	<b>23.639.484</b>	<b>15,25</b>
Madrid	33,3	213.453.475	32,2	216.480.432	1,42
Murcia	1,4	8.812.868	1,5	10.090.231	14,49
Navarra	1,6	10.015.143	1,5	10.404.471	3,89
País Vasco	9,2	58.850.955	8,8	59.462.520	1,04
A Rioxa	0,3	2.225.800	0,4	2.377.770	6,83
Non rexionalizado	0,0	-	0,0	-	
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>641.024.349</b>	<b>100,0</b>	<b>672.016.663</b>	<b>4,83</b>

(1) estimacións

Fonte: INE, *Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico*

non é homoxéneo para o conxunto do estado e existen importantes diferencias entre as comunidades autónomas. Así, en Galicia, en 1997, son as institucións de ensino superior as que realizan a maior parte do investimento en I+DT acollendo algo máis do 52% do investimento total nesta materia, seguido das empresas que abranguen o 25,8% do mesmo. Pola contra, nas dúas comunidades que máis invisten en I+DT, Madrid e Cataluña, son as empresas as que realizan o maior parte do gasto con 52,2% e 63,1%, respectivamente.

En relación á porcentaxe de gastos en I+DT respecto ó VEB a custo de factores, o **cadro 5.2.3.** reflicte que Galicia está por debaixo da media estatal, ó investir o 0,52% do seu VEB, mentres que só tres comunidades, Cataluña, Madrid e País Vasco, están por riba da mesma. Comparado coas outras comunidades, Galicia pasa de se-la décimo segunda comunidade en termos de investimentos en I+DT respecto ó VEB en 1996 a se-la décimo terceira en 1997.

A pesares de estar por debaixo da media estatal, o diferencial entre a relación investimentos en I+DT respecto ó VEB a custo de factores entre España e Galicia reduciuse en 1997 respecto a 1996.

As actividades relacionadas co I+DT acollían a 4.499 traballadores en 1997, o que supón o 5,2% do total de traballadores en I+DT en España nesa data, segundo se desprende dos datos recollidos no **cadro 5.2.4.** Do total de traballadores galegos en I+DT, o 76,3% eras investigadores (representan o 6,4% do total de investigadores que hai en España). Atendendo ós distintos organismos que realizan actividades de I+DT, as institucións de ensino superior acollen un 65,46% dos traballadores, mentres que un 19,64% traballa para a administración e un 14,82% o fai para empresas privadas.

O deseño, planificación e financiamento da innovación e a investigación nos sectores productivos, favorecido pola

**Gastos internos totais en I+D nas CC-AA, 1995-97. distribución segundo responsable do gasto**

(en miles de pesetas)

	Total		Administración		Empresa		Institucións de Ensino Superior		IPSFL (1)	
	1995	1997	1995	1997	1995	1997	1995	1997	1995	1997
Andalucía	57.350.064	65.864.953	12.266.388	12.046.195	15.288.849	15.652.915	29.617.761	37.994.485	177.066	171.358
Aragón	14.557.700	14.187.974	2.537.885	2.495.285	6.342.228	6.822.386	5.677.587	4.868.888	-	1.414
Asturias	9.599.872	10.173.684	1.722.944	1.861.957	2.109.225	3.259.471	5.751.932	5.049.906	15.772	2.350
Baleares	2.781.126	4.291.989	633.009	1.200.294	192.120	141.853	1.909.933	2.929.742	46.064	20.100
Canarias	11.922.027	13.666.905	3.268.847	3.293.945	1.481.699	1.857.304	7.171.481	8.500.134	-	15.522
Cantabria	5.023.245	5.830.926	1.109.957	1.232.853	737.498	1.441.659	2.784.859	2.715.391	390.931	441.023
Castela e León	22.332.907	24.994.660	2.098.963	2.540.414	7.064.011	7.769.240	12.978.558	14.287.333	191.375	397.674
Castela-A Mancha	11.081.418	15.019.116	1.187.980	1.560.167	7.255.214	10.279.021	2.638.223	3.179.928	-	-
Cataluña	124.307.766	146.047.102	12.913.009	14.980.038	76.115.697	92.113.768	33.762.238	35.498.674	1.516.822	3.454.622
C. Valenciana	34.757.044	43.971.097	5.477.280	5.501.198	10.233.534	12.050.611	18.711.422	25.806.628	334.808	612.660
Extremadura	3.557.987	5.513.347	930.234	1.143.101	487.653	257.875	2.140.100	4.085.771	-	26.600
<b>Galicia</b>	<b>19.860.673</b>	<b>23.639.483</b>	<b>4.715.290</b>	<b>5.048.415</b>	<b>4.221.024</b>	<b>6.102.516</b>	<b>10.710.979</b>	<b>12.475.435</b>	<b>13.380</b>	<b>13.117</b>
Madrid	200.716.370	216.480.432	56.697.048	59.352.927	103.851.303	113.061.409	38.437.239	41.943.463	1.730.780	2.122.633
Murcia	8.450.889	10.090.231	2.045.868	2.224.325	2.448.249	3.890.786	3.943.579	3.962.943	12.194	12.177
Navarra	9.219.066	10.404.471	413.049	295.549	5.160.203	5.677.485	3.645.814	4.430.022	-	1.414
País Vasco	53.412.283	59.462.520	1.702.047	1.620.153	40.813.560	46.474.855	8.696.486	11.244.032	2.200.190	123.480
A Ríoxa	1.958.032	2.377.770	281.156	330.722	1.088.498	1.068.979	588.079	978.069	300	-
<b>Non rexionalizado</b>										
<b>Total</b>	<b>590.688.469</b>	<b>672.016.660</b>	<b>110.000.954</b>	<b>116.727.538</b>	<b>284.891.565</b>	<b>327.922.133</b>	<b>189.166.270</b>	<b>219.950.845</b>	<b>6.629.682</b>	<b>7.416.144</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>3,3</b>	<b>3,5</b>	<b>4,3</b>	<b>4,3</b>	<b>1,5</b>	<b>1,9</b>	<b>5,7</b>	<b>5,7</b>	<b>0,2</b>	<b>0,2</b>

(1) IPSFL = Institucións privadas sen fins de lucro  
Fonte: INE, Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico

CADRO 5.2.3.

Gastos en I+D con respecto ó VEB nas CC.AA. 1995-97

(en %)

	1995	1996	1997
Andalucía	0,67	0,64	0,63
Aragón	0,65	0,59	0,55
Asturias	0,58	0,59	0,54
Baleares	0,18	0,16	0,18
Canarias	0,48	0,46	0,41
Cantabria	0,60	0,55	0,60
Castela e León	0,59	0,55	0,55
Castela-A Mancha	0,48	0,42	0,54
Cataluña	1,00	0,95	0,96
C. Valenciana	0,55	0,54	0,55
Extremadura	0,29	0,32	0,36
<b>Galicia</b>	<b>0,57</b>	<b>0,48</b>	<b>0,52</b>
Madrid	1,96	1,76	1,69
Murcia	0,54	0,52	0,56
Navarra	0,88	0,86	0,84
País Vasco	1,31	1,33	1,27
A Rioxa	0,40	0,37	0,38
<b>Total</b>	<b>0,92</b>	<b>0,85</b>	<b>0,85</b>

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e Funcas

Administración autonómica galega, atópase disperso entre seis consellerías: Presidencia e Administración Pública; Educación e Ordenación Universitaria; Industria e Comercio; Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; Pesca, Marisqueo e Acuicultura; e, finalmente, Medio Ambiente. Esta actuación en materia de I+DT complétase coas actividades do Igape neste ámbito.

O **cadro 5.2.5.** reflicte que o investimento das seis consellerías en investigación científica técnica e aplicada ascendeu en 1998 ós 4.814,8 millóns de pesetas fronte ós 4.054,7 millóns do ano anterior.

#### Estímulo comunitario

A actividade de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, dada a súa importancia, é estimulada desde as esferas comunitarias a través dunha serie de plans marcos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. O acceso a estas axu-

das comunitarias faise a través do Igape, mediante o plan Pimega. O **cadro 5.2.6.** reflicte que en 1998 houbo un total de 496 solicitudes, sendo a subvención do Igape nestos programas de axuda á mellora da competitividade de 183 millóns de ptas., un 37% do investimento total.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) elaborou un programa de actuacións, que estarían financiadas en parte mediante fondos comunitarios do Feder. O **cadro 5.2.7.** recolle os proxectos de I+D aprobados polo CDTI en Galicia en 1998.

En 1998, o número de proxectos aprobados polo CDTI en Galicia ascendeu a 11, cun presuposto total de 1.928,3 millóns de pesetas, dos que o CDTI aportou 824,4 millóns de pesetas (**cadro 5.2.8.**).

No dito **cadro 5.2.8.** sobresaie a tendencia á baixa do importe dos proxectos. En 1998, o presuposto total descende un

Personal empregado en actividades de I+D nas CC.AA. en 1997

CADRO 5.2.4.

	Total		Administración		Empresa		Inst. de Ensino Superior		IPSFL(1)	
	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores
Andalucía	9.767,4	6.690,2	2.233,5	1.199,3	1.507,1	442,9	6.000,7	5.040,9	26,1	7,1
Aragón	2.370,1	1.487,1	701,2	411,7	769,1	249,8	898,8	824,6	1,0	1,0
Asturias	1.443,9	1.015,4	385,4	168,5	238,9	104,0	819,2	742,5	0,4	0,4
Baleares	463,7	331,5	149,4	100,9	25,6	7,6	284,3	220,6	4,4	2,4
Canarias	1.905,1	1.373,7	504,5	248,5	152,1	47,0	1.248,1	1.077,8	0,4	0,4
Cantabria	631,1	456,6	113,2	67,6	101,0	36,6	391,0	328,0	25,9	24,4
Castela e León	4.337,2	3.139,6	477,6	254,1	704,2	255,5	3.126,3	2.611,0	29,1	19,0
Castela-A Mancha	1.203,3	620,8	192,3	80,4	389,3	114,5	621,7	425,9	-	-
Cataluña	17.773,0	9.544,0	2.007,2	1.372,2	9.179,1	3.169,7	6.045,9	4.666,3	540,8	335,8
C. Valenciana	5.991,8	3.728,2	888,2	523,7	1.547,2	517,2	3.409,8	2.579,2	146,6	108,1
Extremadura	994,9	733,8	208,4	72,8	47,5	12,0	730,0	648,0	9,0	1,0
<b>Galicia</b>	<b>4.498,9</b>	<b>3.432,9</b>	<b>883,8</b>	<b>443,9</b>	<b>666,6</b>	<b>214,7</b>	<b>2.945,0</b>	<b>2.771,8</b>	<b>3,5</b>	<b>2,5</b>
Madrid	25.931,8	15.520,2	9.683,7	5.079,1	9.335,0	4.624,3	6.625,5	5.598,2	287,6	218,6
Murcia	1.649,1	1.007,4	373,8	186,9	378,2	112,7	894,8	707,8	2,3	-
Navarra	1.685,1	1.124,9	55,4	50,0	664,7	214,9	964,0	859,0	1,0	1,0
País Vasco	6.192,7	3.485,9	258,9	188,9	4.222,2	1.859,7	1.694,4	1.423,9	17,2	13,4
A Ríoxa	310,8	190,5	72,6	41,6	94,7	25,6	143,5	123,3	-	-
<b>Total</b>	<b>87.149,9</b>	<b>53.882,7</b>	<b>19.189,1</b>	<b>10.490,1</b>	<b>30.022,5</b>	<b>12.008,7</b>	<b>36.843,0</b>	<b>30.648,8</b>	<b>1.095,3</b>	<b>735,1</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>5,2</b>	<b>6,4</b>	<b>4,6</b>	<b>4,2</b>	<b>2,2</b>	<b>1,8</b>	<b>8,0</b>	<b>9,0</b>	<b>0,3</b>	<b>0,3</b>

(1) IPSFL = Institucións privadas sen fins de lucro  
 Fonte: INE, Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico

CADRO 5.2.5.

**Presuposto de gastos da Xunta de Galicia en investigación científico-técnica e aplicada 1998**

(en miles de pesetas)

		Importe
<b>432A</b>	<b>Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico</b>	4.814.841
	<b>Presidencia</b>	2.684.986
	<b>Educación</b>	45.000
	<b>Industria</b>	494.835
	<b>Agricultura</b>	923.723
	<b>Pesca</b>	492.312
	<b>Medio Ambiente</b>	173.985

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 5.2.6.

**Programa de axudas á mellora da competitividade nas empresas (PIMEGA) 1993-98**

	1993-97	1998
<b>Solicitudes</b>	733	496
<b>Investimento</b> (en millóns de pesetas)	2.089	496
<b>Subvencións do Igape</b> (en millóns de pesetas)	822	183

Fonte: Igape

CADRO 5.2.7.

**Proxectos de I+D aprobados polo CDTI en Galicia 1998**

Proxecto	Tipoloxía do proxecto (1)	Empresa
Planta piloto para a obtención de ladrillos acumuladores de calor a partir de residuos de obtención de alumina	Desenvolvemento tecnolóxico	Investigación y Desarrollo Barros Rojos S.L.
Estudio e desenvolvemento de equipamento para a recepción e distribución de sinais de tv. dixital terrenal en instalacións individuais e colectivas	Desenvolvemento tecnolóxico	Televéis, S.A.
Liña de fabricación de incres para troquelado rotativo	Desenvolvemento tecnolóxico	Astine, S.A.
Proceso de fabricación de parquet flotante	Innovación tecnolóxica	Galparquet, S.A.
Cinta cargadora de buques	Desenvolvemento tecnolóxico	Pérez Torres Operaciones Portuarias Ferrol, S.A.
Mellora de proceso de fabricación de frisos	Innovación tecnolóxica	Molduras del Noroeste, S.L.
Optimización de factores de ergonómia, loxística e calidade na montaxe terminal de automobéis	Desenvolvemento tecnolóxico	Citroen Hispania, S.A.
Sistema de diálogo para acceso telefónico a servizos telemáticos	Desenvolvemento tecnolóxico	Centro de Servizos Avanzados de Telecomunicaciones de Galicia, S.A.
Loita biolóxica contra insectos que atacan ó eucalipto	Concertado	Empresa Nacional de Celulosas, S.A.
Sistemas innovadores e melloras nas técnicas de produción de kiwi (eu-1862 "kiwireka")	Desenvolvemento tecnolóxico	Kiwi España, S.A.
Productos derivados de músculo de pescado	Desenvolvemento tecnolóxico	Frinova, S.A.

(1) Desenvolvemento tecnolóxico: proxectos de I+D realizados polas empresas para orientados ó desenvolvemento de novos produtos ou procesos industriais  
 Innovación tecnolóxica: proxectos de I+D realizados polas empresas baseados na asimilación e incorporación de tecnoloxías emerxentes, e non tanto no seu desenvolvemento  
 Concertado: proxectos de I+D de carácter precompetitivo desenvolvidos por empresas en colaboración con Organismos Públicos de Investigación ou Universidades

Fonte: CDTI

CADRO 5.2.8.

**Proxectos de I+D aprobados polo CDTI en Galicia 1996-98**

	proyectos	importe dos proxectos	
		<i>(en millóns de pesetas)</i>	
		Aportacións do CDTI	Presuposto total
<b>1996</b>	12	1.015,5	3.274,9
<b>1997</b>	14	1.200,5	2.730,5
<b>1998</b>	11	824,4	1.928,3

Fonte: CDTI

29,4% respecto ó ano anterior, sendo un 41,1% inferior ó presupostado no ano 1996. ■





## Consideracións ó DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

D

a análise da evolución do desenvolvemento territorial de Galicia en 1997 poderían destacarse, entre outras, as seguintes consideracións:

• **1.- As dotacións globais de infraestructuras productivas** en Galicia melloraron nun 50% entre 1985 e 1995, aínda que as disparidades respecto a España e á rexión con mellor dotación seguen a manterse. No que a comparación con España se refire, Galicia está por debaixo da media estatal –representa o 76,3% das dotacións totais medias de infraestructuras productivas de España–, despois dunha mellora do 5,6% respecto ó ano 1985. No caso da comparación coa comunidade coa máis alta dotación de infraestructuras, as dotacións totais de infraestructuras galegas equivalen ó 32,1% das dotacións en infraestructuras nesa comunidade, tras unha mellora do 2,5% respecto a 1985.

O investimento total da Xunta en estradas, portos e obras hidráulicas ascendeu a 31.190 millóns de pesetas en 1998, fronte ós 30.993 millóns do ano anterior.

A Dirección Xeral de Obras Públicas invistiu en estradas un total de 11.761 millóns de pesetas –18.423 millóns no ano anterior–, en tanto que Portos de Galicia e Augas de Galicia aumentaron ó seu investimento en 330 e 6.529 millóns de pesetas, respectivamente, para situarse nos 3.267 e 16.142 millóns de pesetas.

• **2.-** En relación ás infraestructuras de transporte terrestres, a **rede de estradas** de Galicia esta composta por 17.068 quilómetros, o que significa que a comunidade gallega dispón de 58 quilómetros de estradas por cada 100 km<sup>2</sup> e 6,22 km. por cada mil habitantes, cifras superiores ás medias estatais, que son de 32 e 4,11, respectivamente. Neste eido, debe terse en conta o elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que en Galicia hai un total de 29.947 entidades de poboación, que supuñan o 48,93% do total de entidades en España.

O investimento medio na rede de estradas no período 1993-97 ascende a 28,66 millóns de pesetas por cada 1.000

habitantes, mentres a media estatal foi de 17,2 millóns. Galicia é a terceira comunidade onde máis se inviste por habitante, por detrás de Cantabria e Navarra.

Se a comparación se fai atendendo ós investimentos por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 4,61 millóns de pesetas/km. (a media estatal é de 4,19 millóns de pesetas/km. no mesmo período).

No ano 1998, inauguráronse 307,6 quilómetros de autovía en Galicia, pero non se cumpriron os prazos previstos para o remate da construción das autovías galegas.

**3.-** No que o investimento no **ferrocarril** se refire, en 1998 Renfe invistiu un total de 1.793 millóns de pesetas, o que supuxo un crecemento do 15,8% no total investido sobre o ano anterior. En 1997, o investimento en infraestructuras ferroviarias ascendeu a 1.851 millóns de pesetas, o que significou o 1,08% do total estatal. Constátase un descenso continuo do peso do stock de capital neto ferroviario galego no total español, que pasou do 2,68% de 1994 ata o 2,44% en 1997.

O número de quilómetros de vía férrea en Galicia ascendía a 891, o que significaba o 7,24% do total español.

Dado o amplo consenso político e social que existe na comunidade autónoma de Galicia sobre a necesidade de planificar un modelo de transporte ferroviario para o vindeiro século e ás portas do novo Marco Comunitario de Apoio 2000-2006, o Consello Económico e Social considera que as tres prioridades básicas de actuación neste senso teñen que ser as seguintes:

**a.-** Moderniza-la rede ferroviaria interior de Galicia, en liña co acordado

polo Pleno do Parlamento de Galicia o 22 de decembro de 1995, cunha previsión de investimento de 173.523 millóns de pesetas do ano 1995 –cifra que probablemente sería necesario actualizar– nun período de 12 anos, que se debería concretar no futuro Plan de Infraestructuras Terrestres de Galicia.

**b.-** Impulsa-la conexión ferroviaria con Portugal, co obxectivo da vertebración da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

**c.-** Establece-la conexión exterior de Galicia coa rede española e europea de alta velocidade, que debe ser incluída nos plans de infraestructuras ferroviarias da Administración central e que demanda, con especial urxencia, o inicio dos traballos da variante Norte-Noroeste.

**4.-** No eido das **infraestructuras portuarias**, Galicia absorbeu o 9,13% do total investido pola Administración central nos portos do Estado, fronte ó 9,96% do ano anterior. Os sete portos galegos de interese xeral acolleron un investimento total de 5.345 millóns de pesetas.

O investimento nas infraestructuras portuarias no resto dos portos galegos ascendeu a 3.389 millóns de pesetas, un 8,39% máis que en 1997.

**5.-** No caso dos **aeropostos** galegos, o investimento ascendeu a 900,5 millóns de pesetas en 1998, un 14,2% inferior ó realizado no ano anterior. O aeroporto de A Coruña foi que máis volume de investimento recibiu, seguido dos de Santiago e Vigo.

**6.-** O investimento nas **infraestructuras hidráulicas** en Galicia en 1998 foi de 15.927 millóns de pesetas, un 26,45% máis que no ano anterior. O apartado adicado ás redes de saneamento foi o máis

importante, ó acoller o 48,3% do total investido.

**7.-** En relación ós **parques tecnolóxicos e empresarias**, o Parque Tecnolóxico de Galicia, que é o terceiro que menos superficie total ten, por diante do de Xixón e o de Boecillo, acollía en 1998 un total de 21 empresas de diferentes sectores, entre os que salientan a industria, o sector da agroindustria, o téxtil ou a enxeñería. Xunto a este PTG, existen un total de 23 parques empresariais operativos que están promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 1.017 parcelas e unha superficie comercial de 2.176.107 metros cadrados.

Finalmente, a SEPES realizou en 1998 un investimento por un valor de 615,4 millóns de pesetas, fronte ós 882,4 millóns do ano anterior. O 85,3% do seu investimento está concentrado na provincia de A Coruña, e o 14,7% restante na provincia de Lugo.

**8.-** Galicia adicou ó investimento en **I+DT** o 0,52% do seu VEB a custo de factores en 1997, fronte ó 0,48% do ano anterior, co que é a quinta comunidade que menos porcentaxe adica a I+DT. España adica un 0,85% do seu VEB a estas actividades.

O peso do gasto total de I+DT en Galicia representa o 3,5% do gasto total destas actividades en España, o que a converte na séptima comunidade que máis inviste en termos absolutos, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela e León. O peso relativo da I+DT nas empresas galegas no total español foi do 1,9% en 1997, fronte ó 1,5% do ano 1995.

As institucións de ensino superior e

as empresas son as que adican unha maior cantidade ó I+DT en Galicia en 1997: a súa aportación representa o 52,77% e o 25,81%, respectivamente, nese ano. En 1995, esas porcentaxes eran do 54,47% e o 21,47%, respectivamente. En España, as institucións de ensino superior contribuían, en 1997, co 32,73%, mentes que as empresas aportaban o 48,80%. ■

